

A representación da escola e da educación na obra literaria de Agustín Fernández Paz

(The portrayal of the school and education in the literary works of Agustín Fernández Paz)

Isabel SOTO

Tradutora e investigadora literaria

Xavier SENÍN

Profesor e investigador

RESUMO: Realízase un percorrido por aqueles libros de Agustín Fernández Paz en que aparece a escola, co fin de analizar como plasmou nas súas ficcións un modelo de escola democrático, integrador e galeguizador, en claro contraste cun sistema caduco canto a procedementos e metodoloxías, que acolle a violencia e perpetúa as diferenzas. Dedicase tamén un apartado ás obras con que homenaxeou mestres e mestras represaliados durante a Guerra Civil española e a posguerra, así como as ideas educativas que estes defenderon na procura dunha sociedade xusta e igualitaria.

PALABRAS CHAVE: Agustín Fernández Paz, escola democrática e inclusiva, mestres e mestras represaliados.

ABSTRACT: The article peruses through all works of Agustín Fernández Paz in which school plays a significant role in order to analyze how the author reflected an all-inclusive, 'galicianizing' and democratic model of schooling in his fictional works – as opposed to an obsolete system in terms of procedures and methodologies, where violence is acknowledged and differences are perpetuated. There is also a separate section dedicated to the works intended by Fernández Paz to pay tribute to the teachers who were subjected to repression during the Spanish Civil War and the Post War years, as well as to the educational ideals they defended in pursuit of a more just and equal society.

KEY WORDS: Agustín Fernández Paz, all-inclusive, democratic school, schoolteachers subjected to repression

A pouco que se afonde no labor profesional e na vida persoal de Agustín Fernández Paz, queda de manifesto que o oficio de docente e o de escritor son realidades estreitamente vinculadas na súa traxectoria. Porén, n' *O rastro que deixamos*,¹ o autor, ao reflexio-

¹ Agustín Fernández Paz, *O rastro que deixamos*, ed. Isabel Soto (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2012).

nar acerca da presenza da escola nas súas obras, sinala que non aparece reflectida nos seus libros coa intensidade que teoricamente lle correspondería tras unha dedicación de tantos anos á docencia. En efecto, un repaso pola súa ampla produción revela a predilección por outros escenarios, feito que el atribúe a que sempre escapou de escribir as típicas novelas de instituto, ou a que a maioría dos seus libros contan con persoas adultas como protagonistas.

Neste percorrido repararemos nos modelos de escola que presentan as obras relacionadas con esta temática co fin de poñer de relevo os trazos que contan cunha valoración positiva e aqueloutros claramente censurados, sexa satirizándoos, sexa introducindo críticas expresadas polos personaxes ou mesmo dando entrada a escarmentos dirixidos a persoas violentas e abusonas grazas á liberdade que concede o mundo ficcional. Deterémonos tamén nas novelas que conforman unha homenaxe explícita ao labor dos mestres e mestras represaliados durante a Guerra Civil española e a posguerra e ás ideas educativas que defenderon.

Dous modelos de escola

Como ambientación central, a escola só é protagonista absoluta n'*A escola dos piratas*,² texto con que o autor quixo homenaxear o labor dos profesionais que na segunda metade do século XX trataron de transformar a realidade pedagóxica loitando contra todo tipo de adversidades. Nel introduce a súa reiterada defensa da fantasía e a imaxinación como vías para cambiar o mundo e a vida, á parte de poñer en solfa, a través dun humor con trazos do absurdo, unha forma caduca de entender o ensino que, mesmo naquela altura, en 2005, o autor consideraba máis presente do desexable na práctica docente.³ A concepción da ficción como espazo conformador dun mundo en que todo é posible, afiánzase coa significativa cita que abre o volume, da polonesa Wislawa Szymborska: «Aquí, negro sobre branco, rexen outras leis».

A historia confronta dúas maneiras de abordar o labor educativo. Por unha banda, a dos ríxidos defensores de normas, obxectivos e sancións, encabezados por dona Clara, a directora, e os que a secundan: o xefe de estudos e a secretaria. Dona Clara é quen concentra os trazos negativos: viste con cores escuras, é antipática, rifa por calquera cousa e os nenos senten calafríos en canto a ven diante, de aí o literario alcume que lle apoñen, «a Trunchbull», incomprendible para alguén alleo ao imaxinario da cativada. Ademais, a directora é partidaria dos castigos, aférrase ao programa e ameaza decote coa temida inspección.

Este modelo represor e constrictivo oponse ao empregado por Ana Salgueiro, unha mestra que estimula as capacidades do seu alumnado integrando recursos imaxinativos,

² Agustín Fernández Paz, *A escola dos piratas*, il. Luis Filella (Rodeira, col. Tucán, 2005). Obra galardoada co Premio Edebé de Literatura Infantil 2005 na que se perciben as pegadas de Rodari, Roald Dahl e Cunqueiro.

³ «Es imposible ser escritor si antes no has experimentado con pasión el placer de la lectura», *Primeras noticias. Revista de Literatura*, nº 210 (2005): 84.

favorecendo a creatividade e cunha actitude baseada na proximidade. Ana non dubida en deixar a un lado o programa se os nenos e nenas manifestan interese polo que lles explica, lelles contos e resolve en función do seu criterio as situacións que se lle presentan. No transcurso da historia atopa o apoio do seu compañeiro Damián, quen esquece a súa habitual submisión ás normas e adopta estes principios, até o punto de se converter nun capitán pirata e de proclamar as novas leis que rexerán na escola: o desterro das clases aburridas, dos programas que non lle interesan a ninguén, das bibliotecas gardadas baixo chave, das visitas ao Cuarto Escuro e das ordes porque si.

Nesta mesma liña, e coma se se tratase dunha formulación previa e máis sinxela da novela anterior, n' *A nube de cores*⁴ tamén asistimos ao cambio que se produce na escola de Raquel e na súa antipática mestra, dona Elisa, tras a irrupción dun elemento máxico: a nube de cores que deita pingas musicais. A aula triste e gris, o temor dos cativos e cativas ante a severidade e os berros continuos da mestra, a multitude de tarefas que enchían as interminables horas de clase, desaparecen para dar paso a un espazo en que reina o baile, a alegría e o xogo. Dona Elisa muda a súa eslamiada aparencia, sorrí⁵ e mesmo cambia a súa maneira de aprenderlles aos nenos e nenas, que pasan de encher fichas e máis fichas, facer contas e ditados, quietos nas súas cadeiras, a sentaren no chan e gozaren dun conto.

Este sistema de aprendizaxe, que concentra os trazos positivos nas dúas ficcións analizadas, é idéntico ao que aparece apuntado n' *As fadas verdes*,⁶ se ben agora sen o contrastar con outro método de ensino, senón acentuando a validez e o enriquecemento dunha práctica escolar cuxo obxectivo prioritario é instalar o pracer da lectura. Diana séntese feliz de contar con mestras boas, amables e de mirada alegre, que utilizan os contos como recurso pedagóxico e lle falan dos seres instalados no seu imaxinario, e igual ca Marta n' *A escola dos piratas* considera que as mellores horas do día son as que pasa na escola.

Tamén en *Trece anos de Branca*⁷ batemos coa presentación de dúas maneiras de encarar o oficio e coa valoración por parte da rapaza protagonista, quen, enferma de hepatite, aproveita os meses de repouso para repasar a súa vida e expresar medos e incertezas ante o futuro. Como delegada da clase, Branca está preocupada pola inxustiza cometida co seu compañeiro Lois pola profesora de Matemáticas, dona María, cuxo alcume, «a Víbora», xa o di todo. Branca repara no comportamento malvado e indigno da adulta responsable da súa formación, e contrapón a súa actitude coa de Xavier, o profesor de Lingua, quen a anima a escribir e instala nela o gusto por ler e inventar historias. Á súa vez, a rapaza sinala as diferenzas entre a maneira de ensinar de Xavier e a do «Tapón», quen, ao seu ver, semella empeñado en que o alumnado lle colla rabia á lingua. Confesa

⁴ Agustín Fernández Paz, *A nube de cores*, il. Xoán Martínez (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Infantil, 1999).

⁵ O cambio que experimenta dona Elisa é evidente ao comparar as ilustracións das páxinas 6 e 27.

⁶ Agustín Fernández Paz, *As fadas verdes*, il. Asun Balzola e Patricia Garrido (Madrid: SM, col. O barco de vapor, 1999).

⁷ Edición revisada: Agustín Fernández Paz, *Trece anos de Branca* (A Coruña: Rodeira, col. Periscopio, 2005). Premio Edebé de Literatura Xuvenil 1994.

o autor que con este libro, «baseado en experiencias, só levemente disfrazadas», acadou «as miradas de esguello dun sector do maxisterio».⁸

Máis críticas a un sistema de ensino caduco

Noutras obras, Fernández Paz inseriu outras críticas a procedementos e metodoloxías caducas. En «Visitante das estrelas», un dos relatos de *Rapazas*,⁹ desta vez ambientados nun instituto, faino recorrendo á fría perspectiva observadora da extraterrestre Xhantl-L para destacar así o rudimentario e absurdo proceso de aprendizaxe empregado nos centros educativos dos humanos, o cal consiste na repetición por parte do profesor de cuestións desenvolvidas dun xeito máis acertado nos libros de texto, e na posterior reprodución por escrito que realiza o alumnado. Con todo, a extraterrestre tamén advirte que algúns docentes ensaian outras formas de traballo ben menos primitivas, unha chiscadela do autor aos seus colegas. Xhantl-L asómbrase, así mesmo, ao constatar o emprego da violencia, e conclúe: «O porqué os humanos teñen individuos así como responsables de formación, en vez de recluílos con urxencia nun Centro de Superación de Comportamentos Primitivos, aínda é un misterio para min.»¹⁰

A crítica esténdese tamén á escola dos tempos escuros e á súa formulación educativa. En «Querida avoa»,¹¹ insítese na decisiva influencia da educación na maneira de ver o mundo das persoas. Marta, tras descubrir que a súa avoa ten ideas racistas, mantén unha conversa coa súa nai en que esta lle explica como no pasado a escola contribuía a difundir falsidades e visións negativas sobre determinadas razas humanas. A rapaza conclúe manifestando o seu firme desexo de pertencer a un mundo que desterre tales conviccións.

Desta mesma intencionalidade de denuncia de antigas prácticas participa o relato «Unha vida»,¹² onde a voz narrativa en primeira persoa de Aurora artella o repaso da súa vida como mestra ao longo de corenta e cinco anos, ante as insistentes preguntas de Rosalía, a súa neta, quen lle reprocha os seus arraigados prexuízos lingüísticos e a súa participación na ruptura da cadea de transmisión do galego. Para Aurora, testemuña e cómplice do sistema franquista, os anos da chegada da democracia e a introdución do galego no ensino foron «moi desagradables» por mor dos defensores de ideas raras e revolucionarias: «que non se lles podía pegar aos nenos, que había que falarlles en galego, que tiñamos que dar as clases doutro xeito...»¹³ Porén, as aferradas conviccións de Aurora cambalean de vez pola decisión de Rosalía de recuperar a lingua de seu, grazas a unha profesora do bacharelato, e polo feito de analizar o seu pasado á luz das reflexións da neta.

⁸ Agustín Fernández Paz, *O rastro que deixamos*, 37.

⁹ Edición revisada: Agustín Fernández Paz, *Rapazas* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, 2003).

¹⁰ *Ibid.*, 31-32.

¹¹ *Ibid.*, 93-106.

¹² Agustín Fernández Paz, «Unha vida», en *Longa lingua. Os contos da Mesa* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2002), 91-103.

¹³ *Ibid.*, 101.

Poderíamos englobar tamén neste apartado aquelas obras en que aparece algún tipo de abuso no ámbito escolar. Tal é o caso en *Malos tempos para os fantasmas*,¹⁴ onde algúns capítulos se centran no medo de Marta á nova etapa á que se enfrenta, o ensino secundario, e ao que supón ser nova. A protagonista axiña bate cos malos modos, as burlas, as ameazas e as agresións físicas de don Rodrigo, o profesor de Matemáticas. Recoñece Fernández Paz que, malia parecer unha esaxeración, o personaxe e o seu comportamento «non é máis que o reflexo dunha situación que persoas moi queridas para min tiveron que sufrir nun colexio onde o director, coa axuda cómplice dalgúns profesores, implantara un sistema de castigos co que mantiña aterrorizados o alumnado e unha parte do profesorado.»¹⁵

Os comportamentos violentos, desta vez por parte do alumnado, retrátanse tamén en *No corazón do bosque*,¹⁶ onde se inclúe unha escena en que Raquel sofre as patadas e beliscos dun compañeiro ante a indiferenza da profesora, e en *Desde unha estrela distante*,¹⁷ que alude ao acoso ao que se ve sometida Daniela por parte de dous matóns.

Nestas tres últimas obras mencionadas, o autor corrixe tales actitudes coa liberdade e as leis que rexen na ficción, para o cal recorre a personaxes do ámbito da fantasía: unha pantasma, un trasno e un extraterrestre, respectivamente, que son os encargados de escastrar os abusóns.

Tamén son pantasmas as personaxes do relato «Un incidente no internado», integrado na estrutura narrativa d'*A neve interminable*,¹⁸ as cales se vingan da ocultación da verdade sobre a súa morte afogadas no río cando trataban de escapar dos seus agresores sexuais. O episodio, deseñado baixo os parámetros do terror, coma o resto da novela, está ambientado na década dos cincuenta do século XX, nun colexio privado de ideoloxía católica destinado a unha elite social. A través da mirada de Ester e Rebeca asistimos á pormenorizada e interesante descrición dun sistema de ensino que perpetúa as diferenzas de clase, e á crónica duns tempos en que o acceso á educación era un privilexio.

Unha escola integradora

Baixo esta epígrafe agrupamos aqueles textos que presentan un modelo de escola que concibe a diferenza como unha riqueza e a acepta con normalidade, que desterra prexuízos e que se converte nun espazo adoitado para a aprendizaxe dos contidos programados, pero tamén nun lugar no que reina a liberdade para expresar sentimentos e emocións.

¹⁴ Agustín Fernández Paz, *Malos tempos para os fantasmas*, il. Patricia Castelao (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, 2012). Edición renovada de *Avenida do Parque*, 17.

¹⁵ Agustín Fernández Paz, *O rastro que deixamos*, 37.

¹⁶ Agustín Fernández Paz, *No corazón do bosque*, il. Miguelanxo Prado (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, 2001). Conta o autor que esta escena está baseada nunha experiencia que el sufriu cando neno na escola: «Sentara ao meu lado outro neno maior ca min, que non cesaba de darme repetidas puñadas no brazo, un feito que parecía divertir moito aquel mestre» (*O rastro que deixamos*, 16).

¹⁷ Agustín Fernández Paz, *Desde unha estrela distante*, il. David Pintor (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, 2013).

¹⁸ Agustín Fernández Paz, *A neve interminable* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, 2015).

*Lúa do Senegal*¹⁹ aborda os temas da inmigración e a integración dende un enfoque emotivo co fin de reflectir as sensacións da protagonista. Un dos maiores temores de Khoedi ten que ver co comezo do curso nunha nova escola, malia que no seu país sempre asociara o colexio con momentos felices. O desacougo acentúase ao escoitar a experiencia da súa amiga Beidu, incapaz despois de dous anos de entender todas as explicacións nunha aula ateigada en que a profesora apenas lle fai caso, e que debe aturar as burlas dalgúns dos seus compañeiros pola cor da súa pel. Mareime, unha amiga dos pais de Khoedi, relativiza eses temores e faille ver as súas calidades e a súa fortaleza para loitar contra calquera dificultade. Os medos da nena dilúense ao se atopar cunha mestra que deseguida recorre a estratexias inclusivas e que concibe a diferenza dende o respecto e a valorización das distintas linguas e culturas.

Outro modelo integrador é o que aparece no relato «Un curso con Ana», incluído en *Rapazas*,²⁰ no que a personaxe, grazas ao seu carácter porfión e á insistencia en reivindicar o que considera xusto, consegue que os seus compañeiros se conciencien da importancia de utilizar unha linguaxe non sexista e de desterrar prexuízos sen fundamento ningún sobre as rapazas. O pequeno xesto de Ana provoca mudanzas que acaban por se estender até considerarse lóxicas e naturais.

Así mesmo, en «Abrir as portas»,²¹ a voz narrativa de Adrián conta como os exercicios «especiais» que propón a súa profesora de Lingua, os cales combinan os contidos académicos coa educación emocional do alumnado adolescente, logran que el poida «abrir as portas e deixar atrás tantos medos». Grazas a unha actividade de aula baseada na participación e na exposición oral, na que calquera tema se acepta con naturalidade e se fomenta o respecto e a expresión de sentimentos e inquietudes, Adrián conta o que o corroe por dentro e non sabe como afrontar, e deste xeito elabora o seu retrato real sen obviar a súa verdadeira condición sexual, vivida até entón en soidade, como unha diferenza que debía ocultar.

Mestres e mestras represaliados

Dúas son as novelas de Agustín Fernández Paz con que homenaxea de maneira consciente o maxisterio da República e os docentes represaliados a través de dous personaxes asasinados cuxa personalidade se reconstrúe. Ao tempo, asistimos ao deseño do contexto en que estes profesionais trataron de manter os seus ideais políticos e pedagóxicos e de modificar un sistema caduco para conformaren unha sociedade máis xusta. Trátase de

¹⁹ Agustín Fernández Paz, *Lúa do Senegal*, il. Marina Seoane (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, 2009).

²⁰ Agustín Fernández Paz, *Rapazas*, 65-92.

²¹ Recollido na páxina web do escritor: <http://agustinfernandezpaz.gal/abrir-as-portas>. O relato publicouse por vez primeira no volume colectivo *21 relatos por la educación* (Madrid: SM, 2009), 143-151.

Ramón Peña Díaz, o tío Moncho, de *Noite de voraces sombras*,²² e de Rafael, o home que aparece emparedado en *Corredores de sombra*.²³

A recorrencia ás sombras, símbolo da memoria dos mortos na Guerra civil, do escurantismo, o silencio e o descoñecemento que os rodean, así como a vontade de rescatar a memoria, fai que estes textos conformen, dentro da produción do autor, o denominado «ciclo das sombras» ou unha «triloxía da memoria» integrada por «As sombras do faro»²⁴ e as novelas que estamos a analizar.

En *Noite de voraces sombras* é a voz de Sara a que conduce o relato, unha rapaza de dezaseis anos que pasa o verán na vella casa familiar de Viveiro. No cuarto que outrora pertenceu ao seu tío avó Moncho, Sara sente unha presenza que teima en se comunicar con ela, e a través dos testemuños ocultos —papeis, fotos, cartas, cadernos, revistas dos anos vinte e trinta do século XX—, descobre que foi un mestre represaliado durante a Guerra Civil española polas súas ideas republicanas e que viviu amargas experiencias persoais. Á parte dos estados emocionais e as consecuencias físicas que sufriu, Moncho ofrece nos seus diarios detalles sobre o seu percorrido por diferentes prisións, a vivencia directa dos «paseos», a incesante «colleita de mortos» da que forman parte os mestres coma el, e, sobre todo, expresa a súa incomprensión ante os feitos e un acentuado sentimento de estar a vivir unha inxustiza:

(...) de que me poden acusar? De amor ao meu país? De intentar que a superstición e a ignorancia desaparezan? Só son un mestre que quixo facer o seu traballo o mellor posible.(...)

... acúsanme de ter ideas separatistas e antirrelixiosas. "Así estaba envenenado el magisterio, con tanto marxismo", dixo o xuíz cando me leu a condena. Canta falsidade! Non hai máis que sede de vinganza, a inxustiza campa como quere. Que fixen, que fixemos? Só intentar transmitir a cultura, só desexar unha sociedade máis xusta e máis libre. Ese é o delito polo que se me condena!²⁵

Ademais, as cartas que entre 1932 e 1936 intercambian Moncho e o seu amor daqueles anos, a tamén mestra Sara Salgueiro, permiten asistir ao desenvolvemento dunha historia truncada, pero conteñen asemade o retrato social e cultural dun tempo de entusiasmo pronto substituído polo terror e a desesperación. Nelas inclúense acontecementos políticos, menciónanse feitos e personaxes reais —as Misións Pedagóxicas, a campaña do Estatuto de Autonomía, Castelao, Peña Novo, Risco, Azaña...— e dedícase especial atención á filosofía de traballo daqueles docentes. Tamén abordan, coa sinceridade propia desta modalidade discursiva nacida para o intercambio persoal e privado, a ruptura dos soños e ideais longamente acariñados.

(...) bendigo a sorte de podermos vivir nesta etapa tan cargada de esperanza. Porque somos nós quen imos formar os nenos que construírán un país diferente. Unha Galicia que acabe cos caciques que todo

²² Agustín Fernández Paz, *Noite de voraces sombras* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, 2002).

²³ Agustín Fernández Paz, *Corredores de sombra* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, 2006).

²⁴ A primeira e esquemática versión deste relato incluíuse no volume colectivo *Historias para calquera lugar* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, 2001). Posteriormente, apareceu en Agustín Fernández Paz, *Tres pasos polo misterio* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, 2004).

²⁵ Agustín Fernández Paz, *Noite de voraces sombras*, 87-88.

o controlan, unha terra de onde xa non haxa que emigrar, un país de homes e mulleres construíndo en liberdade o seu destino.

Cando casemos, habemos pedir unha escola nunha vila a carón do mar, unha escola que poidamos encher de xeranos e roseiras (...) Alí lles transmitiremos aos nosos alumnos todo o que ti e mais eu tivemos a sorte de aprender. Sen medos, sen imposicións, porque ensinar tamén é un acto de amor. (...) sería mellor estarmos preto da Coruña, porque aos dous nos gusta participar na vida cultural, e aquí podemos estar en contacto con toda a xente que coñecemos das Irmandades.²⁶

E acollen referencias á brutal represión exercida sobre os mestres:

(...) Por aquí as cousas están tan mal que me resisto a contarchas, non quero que te preocupes máis do que xa estarás. Os sublevados teñen agora todo o poder, e non queren deixar en pé nada que non se axuste á súa concepción do mundo. Temo pola túa vida, como tamén temo pola miña. Para eles, xa sabes que, ademais de «rojos», somos «separatistas», así é como nos chaman. (...) Se a isto lle unes o odio tan grande que nos teñen aos mestres, comprenderás que non poida afastar de min a idea de que os meus días están contados.

Sei que andaron a preguntar por min en Santa Cruz, pero polo de agora non saben onde estou. (...) aquí estou, agachada ata dos veciños, porque xa nin sabes de quen podes fiarte. (...) A María Prieto, a mestra de aquí, de Carral, mallárona a paus e rapáronlle o pelo ao cero; despois, levárona pola rúa atada cunha corda, coma se fose un animal. E aínda tivo sorte, pois salvou a vida; claro que xa me dirás como se pode vivir despois dunha humillación así.²⁷

En *Corredores de sombra*, a Guerra Civil funciona como pano de fondo da historia, pois o interese céntrase no dilema moral de Clara tras a descuberta do turbio pasado da súa familia, pertencente á estirpe dos vencedores. Isto non impide que Rafael, un mestre republicano asasinado estea moi presente nas páxinas da novela e que atopemos idénticas consideracións ás apuntadas liñas arriba referidas aos mestres e aos seus ideais. Deste xeito, Rafael implícase na vida cultural de Vilarelle, ama os libros e a lectura e axiña bate coa persecución dos fascistas pola súa condición de mestre, de afiliado ao Partido Galeguista, de defensor do goberno da República e de membro do Ateneo da vila. Estes son os cargos que pesan contra el e que se suman ao principal motivo que sustentou a represión dos docentes e xustificou os asasinatos: «A maioría simpatizaba cos roxos, eles eran os que envelenaban os rapaciños, meténdolles na cabeza as ideas comunistas.»²⁸

Nestas novelas o autor homenaxea unha aventura pedagóxica exemplar a través de ses mestres republicanos, os que morreron asasinados, os que tiveron que exiliarse e os que quedaron aquí, condenados ao silencio. Ademais, aborda de maneira consciente a tarefa de darlles a coñecer o pasado aos máis novos, tras a ocultación e o silenciamento das xeracións precedentes e a lexitimación do relato que se ofreceu no ámbito escolar, asumido sen o cuestionar polo conxunto da sociedade. A nai de Sara alude a esa ocultación exercida dende a escola e recoñece a súa parte de culpa ao permitir que a mentira se estendese:

Hai anos, quizais nin te acordas, chegaches un día do colexio contando que o profesor vos explicara a guerra civil: unha liorta entre irmáns, onde os dous bandos tiveran a mesma culpa; esa era a conclusión

²⁶ *Ibid.*, 73-74.

²⁷ *Ibid.*

²⁸ Agustín Fernández Paz, *Corredores de sombra*, 178.

que o resumía todo. Lembro que calei e non che dixen nada, deixei que esa amarga mentira seguise estendéndose; ao cabo, que máis tiña o que pensases ti dunha etapa que xa quedaba tan lonxe. Hoxe vexo claro que aquel día lle dei unha labazada á memoria do meu tío, e á de todas as persoas que, coma el, un día soñaron un mundo diferente. Non ten sentido o rancor, ben o sei, pero aínda o ten menos o esquecemento e a mentira. Como se poden igualar as vítimas e os verdugos? Debes coñecer o que pasou aqueles anos para que nunca se repita, e tamén para honrar a memoria de tantos soños rotos.²⁹

Cabo

Concluimos o noso percorrido por este corpus de obras de Agustín Fernández Paz sinalando que, malia as afirmacións coas que abrimos o artigo, nin a escola nin a educación están ausentes do seu labor literario. Como acabamos de apuntar, as súas ideas sobre o significado e o papel social da educación, sobre o modelo de escola que defendeu e polo que tanto traballou, a incorporación de asuntos que formaron parte dos debates para a transformación dun sistema educativo caduco noutro democrático, inclusivo, integrador, galeguizador e moderno, e as súas homenaxes explícitas ao labor dos mestres e mestras dun tempo pasado, están nalgúns dos seus textos literarios.

²⁹ Agustín Fernández Paz, *Noite de voraces sombras*, 76-77.